



FUNDACIÓN  
CENTRO TECNOLÓXICO  
DO GRANITO DE GALICIA

## **INSTRUCCIÓN INTERNAS DE CONTRATACION**

## ÍNDICE

### **-DISPOSICIÓN XERAIS-**

1.- Antecedentes .....	4
2.- Ámbito de aplicación.....	5
3.- Principios xerais que rexen a contratación.....	5
3.1. Principios de publicidade e concorrencia.	
3.1.1 Excepcións ao principio de publicidade.	
3.2. Principio de transparencia.	
3.3. Principio de igualdade e non discriminación.	
3.4. Principio de confidencialidade.	
4.- Órgano de contratación.....	7
5.- Mesa de contratación. ....	7
6.- Responsable do Contrato. ....	6
7.- Requisitos de capacidade e aptitude dos empresarios para contratar coa Fundación.....	8
8.- Sucesión no procedemento.....	8
9.- Criterios de valoración. ....	8
10.- Importe do contrato: valor estimado e prezo.....	9
11.- Duración dos contratos. ....	9
12.- Renuncia á celebración do contrato e desistencia do procedemento de adxudicación .....	10
13.- Tramitación de urxencia. ....	10
14.- Perfil do contratante.....	14
15.- Réxime xurídico. ....	14

### **-PROCEDEMENTOS E FORMAS DE ADJUDICACION-**

16.- Tipos de Procedemento.....	12
17.- Procedemento Aberto. ....	12
17.1.- Supostos en que poderá seguirse o procedemento aberto.	
17.2.- Preparación do expediente.	
17.3.- Publicidade.	
17.4.- Presentación de propostas.	
17.5.- Avaliación das propostas e adxudicación: provisional e definitiva.	
17.6.- Formalización	
18.- Procedemento Negociado con publicidade no perfil do contratante. ....	15
18.1.- Supostos en que poderá seguirse o procedemento negociado con publicidade no perfil do contratante.	
18.2.- Preparación do expediente.	
18.3.- Publicidade.	
18.4.- Presentación de propostas.	



18.5.- Selección de candidatos, avaliación das propostas e adxudicación: provisional e definitiva.	
18.6.- Formalización.	
19.- Procedemento negociado sen publicidade.....	17
19.1.- Supostos en que poderá seguirse o procedemento negociado sen publicidade no perfil do contratante.	
19.2.- Preparación do expediente.	
19.3.- Presentación de propostas.	
19.4.- Adxudicación: provisional e definitiva.	
19.5.- Formalización.	
20.- Adxudicación directa.....	19
20.1.- Supostos en que poderá seguirse o procedemento de adxudicación directa.	
20.2.- Preparación do expediente.	

### **-EFECTOS, CUMPLIMENTO E EXTINCIÓN DOS CONTRATOS-**

21.- Modificación do contrato.....	19
22.- Suspensión do contrato.....	20
23.- Cesión do contrato. ....	20
24.- Subcontratación. ....	20
25.- Penalidades.....	20
26.- Causas de resolución. ....	21
27.- Principio de risco e ventura.....	21

### **- DISPOSICIÓN FINAIS –**

28.- Idioma.....	22
29.- Cómputo de prazos. ....	22
30.- Aplicabilidade das presentes Instrucións. ....	22

## -DISPOSICIÓN XERAIS-

### 1.- Antecedentes.

A Fundación Centro Tecnológico do Granito de Galicia (en diante a Fundación) é unha organización sen ánimo de lucro constituída a comezos do ano 2005, adicada principalmente a impulsar actividades relacionadas coa innovación e a investigación no sector produtivo do Granito en xeral e, en particular:

- O apoio ao sector graniteiro, preferentemente en Galicia, mediante o fomento de investigación científica e o desenvolvemento tecnolóxico de procesos e produtos e o seu control de calidade.
- A promoción e defensa dun desenvolvemento sostible do sector graniteiro, protexendo o medio ambiente.
- A prestación do apoio tecnolóxico necesario para contribuír á internacionalización das empresas do sector graniteiro, preferentemente as emprazadas na Comunidade Autónoma de Galicia.
- A formación, orientación e asistencia tecnolóxica a entidades e particulares en canto ao sector do granito.

A Fundación precisa de forma habitual a contratación de empresas ou institucións para a realización de traballos de diversa índole, que non pode executar con persoal propio, orientados a satisfacer axeitadamente as necesidades dos proxectos e actividades que ven desenvolvendo en cumprimento dos seus fins fundacionais.

O 31 de outubro de 2007, publicouse no Boletín Oficial do Estado a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (en diante LCSP), que derroga na súa práctica totalidade o Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

A nova LCSP regula con maior ou menor intensidade os procedementos de contratación daquelas entidades que, como a Fundación, forman parte do sector público, en función da natureza xurídica das mesmas e dos contratos que celebren.

De acordo cos criterios establecidos no artigo 3.1.b) da LCSP, a Fundación ten a consideración de poder adjudicador, o que vén a determinar o marco xurídico aplicable aos seus procedementos de contratación, así como a necesidade de dotarse dunhas instrucións internas de contratación de acordo co previsto no artigo 175 da LCSP.

Coa finalidade de cumprir a devandita esixencia, o Padroado da Fundación procedeu a aprobar as presentes instrucións internas de contratación, de conformidade co previsto na LCSP, polo que se poñen a disposición de todos os interesados en participar nos procedementos de adjudicación dos contratos regulados nelas, mediante a súa publicación no Perfil de Contratante da páxina web da Fundación ([www.fctgranito.es](http://www.fctgranito.es)).

Nas presentes instrucións procédese á regulación da contratación interna, para os contratos non suxeitos a regulación harmonizada, excluindo da mesma os contratos suxeitos a regulación harmonizada que se rexerán polo establecido na LCSP.

De conformidade co establecido na LCSP, a Fundación nos seus procedementos de contratación axustarase ás presentes instrucións que garanten a efectividade dos principios de



publicidade, concorrencia, transparencia, confidencialidade, igualdade e non discriminación, enunciados no artigo 175 letra a) da LCSP, así como que os contratos adxudicaranse á oferta economicamente máis vantaxosa.

## **2.- Ámbito de aplicación.**

As presentes Instrucións teñen por obxecto regular a contratación das obras, subministracións e servizos que a Fundación requira para o desenvolvemento da súa actividade.

Quedan fóra do ámbito destas Instrucións, ademais dos recollidos no artigo 4 da LCSP, os seguintes contratos:

- 1) Os contratos suxeitos a regulación harmonizada (os previstos nos artigos 13 a 17 da LCSP, os cales rexeranse polas normas da LCSP, en particular as previstas no artigo 174 do mesmo texto legal).
- 2) Os contratos suxeitos a lexislación laboral, os celebrados con traballadores autónomos dependentes e bolseiros.
- 3) Os demais contratos e negocios excluídos da LCSP, en particular os regulados no artigo 4 do mesmo texto legal, na medida en que sexan aplicables á Fundación na súa condición de poder adxudicador.

## **3.- Principios xerais que rexen a contratación.**

Con carácter xeral, a contratación a realizar pola Fundación rexeráse polos principios de concorrencia, publicidade, transparencia, confidencialidade, igualdade e non discriminación.

### **3.1. Principios de publicidade e concorrencia.**

Co fin de favorecer a participación de todo empresario interesado e dotarlle de suficiente difusión, por parte da Fundación utilizaranse os medios de publicidade previstos nestas Instrucións dependendo do tipo de procedemento a utilizar, así como, de forma adicional, os que se estimen convenientes, atendendo á contía do contrato, o seu obxecto, ámbito xeográfico, características e circunstancias do sector.

No anuncio de licitación constará unha breve descrición dos detalles esenciais do contrato; do método de adxudicación; do prezo e do prazo de execución; da forma, lugar e prazo para a presentación de ofertas ou solicitudes de participación; e, no seu caso, da forma de obtención dos pregos.

#### **3.1.1 Excepcións ao principio de publicidade.**

Non estarán suxeitos a publicidade, sempre que se xustifique adecuadamente polo órgano de contratación, os seguintes contratos:

- a) Os contratos que, desenvolvido un procedemento con publicidade, sexan declarados desertos por falta ou inadecuación das ofertas, sempre que as condicións iniciais do contrato non se modifiquen substancialmente.
- b) Os contratos nos que as proposicións ou ofertas económicas, nos procedementos previamente desenvolvidos, sexan irregulares e inaceptables por haberse presentado por empresarios carentes de aptitude, por incumprimento nas ofertas das obrigacións relativas á fiscalidade, protección do medio ambiente e condicións de traballo a que se refire o artigo 103 da LCSP, por infrinxir as condicións para a presentación de variantes ou

melloras, ou por incluír valores anormais ou desproporcionados, sempre que non se modifiquen substancialmente as condicións orixinais do contrato e inclúase, nunha negociación posterior exclusivamente a todos os licitadores que no procedemento desenvolvido presentasen ofertas conforme aos requisitos esixidos.

- c) Cando, por razóns técnicas ou artísticas, motivos relacionados coa protección de dereitos de exclusiva, ou cando o obxecto dun contrato fose complementario, imprevisto e inseparable dun contrato de execución, ou o contrato só poida encomendarse a un empresario determinado.
- d) Contratos nos que por unha imperiosa urxencia, resultante de acontecementos imprevisibles para o órgano de contratación e non imputables ao mesmo, demanden unha pronta execución do contrato que non poda lograrse mediante a aplicación da tramitación de urxencia regulada na Instrución 13.
- e) Os contratos que sexan declarados secretos ou reservados, ou aqueles que a súa execución deba ir acompañada de medidas de seguridade especiais conforme á lexislación vixente.

En calquera caso, cando conorra algún dos supostos indicados de exclusión de publicidade, a adxudicación do contrato farase polos trámites do procedemento negociado sen publicidade recollidos na Instrución 19.

### **3.2. Principio de transparencia.**

Este principio implica:

1. Todos os participantes poidan coñecer previamente as normas aplicables ao contrato que se pretende adxudicar, así como ter certeza de que as normas se aplican de igual forma a todas as empresas.
2. A fixación de prazos para presentar ofertas deberán ser suficientes para permitir ás empresas licitadoras realizar unha avaliación adecuada e formular ofertas.
3. Existirá unha fixación precisa e previa dos criterios aplicables para a valoración de ofertas e a adxudicación dos contratos.
4. Adxudicación do contrato á oferta economicamente máis vantaxosa, de acordo cos criterios de valoración que se establezan en cada caso.

### **3.3. Principio de igualdade e non discriminación.**

Este principio implica:

1. Descrición non discriminatoria do obxecto do contrato: A descrición non debe facer referencia a unha fabricación ou procedencia determinada nin referirse a unha marca, patente, tipo, orixe ou unha produción determinada, salvo se unha referencia dese tipo xustificase polo obxecto do contrato e vaia acompañada da mención “ou equivalente”.
2. Igualdade de acceso para os operadores económicos de todos os Estados membros da Unión Europea: A Fundación non imporá ningunha condición que supoña unha discriminación directa ou indirecta fronte aos licitadores.



3. Recoñecemento mutuo de títulos, certificados e outros diplomas: No caso de esixirse aos licitadores a presentación de certificados, títulos ou outro tipo de documentación xustificativa, os documentos procedentes doutros Estados membros que ofrezan garantías equivalentes serán aceptados.
4. Prohibición de facilitar, de forma discriminatoria, información que poida proporcionar vantaxe a determinados licitadores sobre outros.

### **3.4. Principio de confidencialidade.**

Este principio implica:

1. O órgano de contratación non poderán divulgar a información facilitada polos empresarios que estes cualifiquen como confidencial, en particular os segredos técnicos e comerciais ou os aspectos confidenciais das ofertas.
2. O contratista deberá respectar o carácter confidencial da información á que teña acceso como consecuencia da execución do contrato.

### **4.- Órgano de contratación.**

En canto ao órgano de contratación da Fundación, estarase ao que dispoñan as súas normas estatutarias e aos acordos que o seu Consello de Directivo adopte ao respecto, debendo figurar expresamente nos pregos de condicións e no contrato que se formalice no expediente de contratación.

### **5.- Mesa de contratación.**

O órgano de contratación poderá estar asistido por unha Mesa de Contratación, para a valoración das ofertas dos licitadores. No prego de condicións indicárase a súa composición así como o seu réxime de actuacións.

En calquera caso, non poderán formar parte da Mesa calquera persoa que logo teña que adxudicar o contrato nin os que estean incurso nalgún dos motivos de abstención recollidos para as autoridades e funcionarios públicos recollidos na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

### **6.- Responsable do Contrato.**

O órgano de contratación poderá designar un Responsable do Contrato quen asumirá a función de supervisar a execución do contrato e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias para asegurar a correcta execución da prestación que constitúa o obxecto de contratación, de acordo coas facultades que lle outorgue o órgano de contratación.

O exercicio desa función poderá atribuírse a unha persoa física ou xurídica, vinculada á Fundación ou allea a ela; neste último caso a súa designación requirirá a celebración do oportuno contrato de servizos.

Nos contratos de obras, as facultades do Responsable do Contrato entenderanse sen prexuízo das que correspondan ao Director Facultativo das mesmas.

### **7.- Requisitos de capacidade e aptitude dos empresarios para contratar coa Fundación.**

Serán de aplicación á Fundación os requisitos de capacidade de obrar, prohibicións de contratar e condicións de solvencia regulados nos artigos 43 a 68 da LCSP.

En ningún caso poderán contratar coa Fundación as persoas físicas ou xurídicas que teñan prohibida a contratación coas Administracións Públicas de conformidade ao previsto no artigo 49.1 da LCSP, sendo tamén aplicable o disposto no artigo 62, relativo á xustificación e proba de non concorrencia dunha prohibición de contratar.

A esixencia de clasificación do empresario é potestativa para a Fundación, sen prexuízo de que os certificados de clasificación que acrediten a inscrición en listas oficiais de empresarios autorizados para contratar establecidos polos Estados membros da Unión Europea, sentan unha presunción de aptitude dos empresarios incluídos nelas nos casos a que se refire o artigo 73 da LCSP.

Os requisitos de solvencia económica, financeira e profesional ou técnica, se poderán demostrar por outros medios que expresamente determine a Fundación no prego de condicións.

Os licitadores que se encontren inscritos no Rexistro de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, coa presentación do certificado de estar inscrito no mesmo quedarán eximidos de achegar a documentación xustificativa da personalidade e da representación. Non obstante, o órgano de contratación poderá requirir a achega de devandita documentación se fose necesaria para acreditar que o obxecto social da empresa é adecuado ao obxecto do contrato ou por calquera outra causa xustificada.

Con carácter previo á firma do contrato, o adxudicatario deberá achegar os certificados que acrediten estar ao corrente do cumprimento das obrigacións tributarias, tanto coa Facenda Estatal como coa Facenda autonómica galega, e de Seguridade Social, de acordo coa normativa vixente en cada momento. Igualmente deberá acreditar, no seu caso, o acharse ao corrente das obrigacións tributarias relativas ao Imposto sobre Actividades Económicas.

## **8.- Sucesión no procedemento.**

No caso de que durante a tramitación dun procedemento de contratación e antes da adxudicación, se producese a extinción da personalidade xurídica dunha empresa licitadora por fusión, escisión ou pola transmisión do seu patrimonio empresarial, sucederlle na súa posición no procedemento a sociedade absorbente, a resultante da fusión, a beneficiaria da escisión ou a adquirente do patrimonio ou da correspondente rama de actividade, sempre que reúna as condicións de capacidade e ausencia de prohibicións de contratar e acredite a súa solvencia e clasificación nas condicións esixidas no prego de condicións para poder participar no procedemento de adxudicación.

## **9.- Criterios de valoración.**

A adxudicación dos contratos deberá efectuarse de forma que recaia na oferta economicamente máis vantaxosa. Para a determinación da oferta economicamente máis vantaxosa deberá atenderse a criterios directamente vinculados ao obxecto do contrato.

Nembargante, a adxudicación ao licitador que presente a oferta economicamente máis vantaxosa non procederá cando o órgano de contratación presuma fundadamente que a proposición non poida ser cumprida pola inclusión de valores anormais ou desproporcionados. No prego de condicións poderá indicarse os límites que permitan apreciar, no seu caso, que a proposición non pode ser cumprida como consecuencia de ofertas desproporcionadas ou anormais.



Cando so se utilice un criterio de adxudicación, este ha de ser, necesariamente, o do prezo máis baixo.

Cando se utilicen varios criterios de adxudicación, e salvo as excepcións que poidan establecerse en resolución motivada do órgano de contratación cando a relación entre calidade e o prezo así o esixa, a ponderación do prezo como criterio de adxudicación do contrato non será inferior ao 40 por 100 da puntuación máxima que poida atribuírse ás ofertas.

Na determinación dos criterios de adxudicación darase preponderancia a aqueles que fagan referencia a características do obxecto do contrato que poidan valorarse mediante cifras ou porcentaxes obtidas a través da mera aplicación das fórmulas establecidas nos pregos.

Para a valoración das ofertas conforme a criterios que dependan dun xuízo de valor, o órgano de contratación, ou no seu caso a Mesa de Contratación, poderá encomendar esta avaliación técnica a un experto na materia.

### **10.- Importe do contrato: valor estimado e prezo.**

As contratacións terán un prezo certo determinado ou determinable, que se expresará en euros. No seu prezo non se entende incluído o Imposto sobre o Valor Engadido ou calquera outro imposto indirecto de análoga natureza. Nembargante, excepcionalmente, cando o prezo non poida estar totalmente determinado se efectuará unha estimación do custo de carácter aproximado, debendo constar con precisión os criterios que haxan de servir para a cuantificación final do mesmo.

Poderanse establecer prezos provisionais nos supostos contemplados no artigo 75.5 da LCSP.

Aos efectos de determinación do procedemento de contratación aplicable, nos contratos cuxa contía non poida determinarse de forma precisa, aplicaranse as regras dispostas no artigo 76 da LCSP.

No cálculo do importe total estimado, terase en conta calquera forma de opción eventual e as eventuais prórrogas do contrato.

### **11.- Duración dos contratos.**

A duración dos contratos na Fundación establecerase en función da natureza das prestacións, as características do seu financiamento e a necesidade de concorrencia.

Nos contratos que a Fundación subscriba farase constar o seu prazo de vixencia, excepto cando, pola súa natureza, non proceda. Os contratos relativos á prestación de servizos ou subministracións formalizadas pola Fundación terán unha vixencia temporal non superior a catro anos, aínda que poderá preverse no mesmo contrato a súa prórroga por mutuo acordo das partes antes da finalización daquel, sempre que a duración total do contrato, incluídas as prórrogas, non exceda de seis anos e que as mesmas non superen, illada ou conxuntamente, o prazo fixado orixinariamente.

Con carácter excepcional e motivado, o órgano de contratación poderá autorizar un prazo de duración inicial de ata seis anos.

As prórrogas, para calquera tipo de contrato que se subscriba pola Fundación e con independencia do seu obxecto, deberán ser establecidas de modo expreso, non sendo posible entender tacitamente prorrogado un contrato.

Os contratos menores (Instrución 20) non poderán ter unha duración superior a un ano, nin ser obxecto de prórroga, salvo que se realizara a contratación polo procedemento aberto ou negociado con ou sen publicidade.

## **12.- Renuncia á celebración do contrato e desistencia do procedemento de adxudicación.**

No caso en que o órgano de contratación renuncie a asinar un contrato para o que efectuara a correspondente convocatoria, ou decida reiniciar ao procedemento para a súa adxudicación, notificarao aos candidatos ou licitadores.

A renuncia á celebración do contrato ou a desistencia do procedemento so poderán acordarse polo órgano de contratación antes da adxudicación provisional.

En ambos os dous casos compensarase aos candidatos ou licitadores polos gastos en que incorresen, na forma prevista no anuncio ou no prego, ou de acordo aos principios xerais que rexen a responsabilidade por danos.

So poderá renunciarse á celebración do contrato por razóns de interese público debidamente xustificadas no expediente de contratación. Neste caso, non poderá promoverse unha nova licitación do seu obxecto en tanto subsistan as razóns alegadas para fundamentar a renuncia.

A desistencia do procedemento deberá estar fundado nunha infracción non emendable das normas de preparación do contrato ou das reguladoras do procedemento de adxudicación, debendo xustificarse no expediente a concorrencia da causa. A desistencia non impedirá a iniciación inmediata dun novo procedemento de licitación.

En todo caso no prego de condicións deberá facerse referencia á posibilidade da renuncia á celebración do contrato e desistencia do procedemento de adxudicación.

Poderá declarase deserto o procedemento de licitación cando non se presentaran ofertas, cando non sexan admisibles ou cando, a xuízo do órgano de contratación, de xeito motivado non satisfagan as necesidades da Fundación. Con independencia de elo, o órgano de contratación poderá declarar deserto o procedemento de licitación por razóns xustificadas, con referencia aos criterios de adxudicación do contrato que figuren no prego de condicións, decisión que se publicará no perfil do contratante e se notificará persoalmente aos licitadores que presentaran oferta acompañándolles a resolución completa pola que se adopte o referido acordo.

## **13.- Tramitación de urxencia.**

No caso de que a celebración do contrato sexa necesaria para atender unha necesidade inaprazable ou resulte preciso acelerar a adxudicación por razóns de interese público, o órgano de contratación poderá declarar a urxencia na súa contratación. Nestes casos, os prazos para a licitación e adxudicación do contrato reduciranse á metade.

## **14.- Perfil do contratante.**



Co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á actividade contractual da Fundación e sen prexuízo da utilización doutros medios de publicidade recollidos nestas Instrucións, a Fundación difundirá, a través da súa páxina web, o seu perfil de contratante.

No perfil de contratante constará tanta información resulte relevante en relación cos procedementos de contratación que celebre a Fundación e, en todo caso, a que se esixa expresamente na LCSP, nas presentes Instrucións, e no artigo 10 da Lei 4/2006, de 30 de xuño, de 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración Pública Galega.

A forma de acceso ao perfil de contratante especificarase na páxina web da Fundación, na Plataforma de Contratación da Xunta de Galicia, no prego de condicións e, no seu caso, no anuncio de licitación.

O perfil de contratante poderá incluír calquera datos e informacións referentes á actividade contractual da Fundación, anuncios, contratacións programadas, contratos adxudicados, licitacións abertas ou en curso, documentación, puntos de contacto, etc.

### **15.- Réxime xurídico.**

Os contratos celebrados pola Fundación terán a consideración de contratos privados conforme ao previsto no artigo 20.1 da LCSP, polo que rexeranse, en canto á súa preparación e adxudicación, en defecto de normas específicas, pola LCSP e as súas disposicións de desenvolvemento, no que sexa aplicable aos poderes adxudicadores non Administracións Públicas ou no que proceda polas remisións efectuadas polas presentes instrucións ou os pregos de condicións ou contratos, aplicándose subsidiariamente as normas de dereito privado.

En canto aos seus efectos e extinción, estes contratos rexeranse polo dereito privado.

A orde xurisdiccional civil será a competente para resolver as controversias que xurdan entre as partes en relación cos efectos, cumprimento e extinción do contrato. Esta orde xurisdiccional será igualmente competente para coñecer de cantas cuestións litixiosas afecten á preparación e adxudicación do contrato.

Respecto dos contratos de servizos comprendidos nas categorías 17 a 27 do Anexo II de igual ou superior contía a 206.000 euros, e posto que cabe a interposición do recurso especial en materia de contratación previsto no artigo 37.1 da LCSP, a orde xurisdiccional contencioso-administrativa será a competente para o coñecemento das cuestións que se susciten en relación coa preparación e adxudicación do contrato, mentres que será competente a orde xurisdiccional civil para resolver as controversias que xurdan entre as partes en relación cos efectos, cumprimento e extinción do contrato.

A competencia territorial para o coñecemento e resolución das cuestións litixiosas que puideran xurdir en relación coas contratacións da Fundación, corresponderá aos Órganos Xurisdiccionais con sede na Comunidade Autónoma de Galicia e, en concreto, na cidade de O Porriño, entendéndose que os adxudicatarios renuncian ao seu propio foro no caso de que fora distinto do anterior.

Salvo que as circunstancias concorrentes esíxano ou o aconsellen, non se aceptará a inclusión de cláusulas de submisión a arbitraje internacional ou a xulgados ou tribunais estranxeiros nin o sometemento a lexislación estranxeira.

## **PROCEDEMENTOS E FORMAS DE ADJUDICACION**

## 16.- Tipos de Procedemento.

A Fundación empregará nas súas contratacións os seguintes procedementos de contratación:

- Procedemento aberto.
- Procedemento negociado con publicidade.
- Procedemento negociado sen publicidade.
- Procedemento de adxudicación directa.

Asemade, a Fundación poderá acudir ao procedemento de poxa electrónica nas condicións previstas no artigo 132 da LCSP e, cando concorran as circunstancias previstas no artigo 164, poderá recorrer ao diálogo competitivo.

## 17.- Procedemento Aberto.

### 17.1.- Supostos en que poderá seguirse o procedemento aberto.

Este procedemento utilizarase con carácter xeral para a adxudicación dos contratos cuxo valor estimado atópese entre 1.000.000 € e 5.150.000 €, cando se trate de contratos de obras, ou entre 100.000 € e 206.000 €, cando se trate de contratos de subministracións ou servizos.

No procedemento aberto todo empresario interesado poderá presentar unha proposición, quedando excluída toda negociación dos termos do contrato cos licitadores.

### 17.2.- Preparación do expediente.

O expediente comezará coa emisión dunha Memoria na que se xustifique a necesidade do contrato, determinando con precisión a natureza e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o mesmo, así como a idoneidade do seu obxecto e contido para satisfacelas, o custo aproximado e a existencia de orzamento suficiente, así como o tipo de procedemento proposto para a adxudicación. Esta Memoria emitirase polo responsable do departamento que teña a necesidade que se pretende satisfacer coa contratación.

A Fundación elaborará un prego de condicións no que figurarán, entre outros, os seguintes extremos:

- Determinación do obxecto do contrato.
- Referencia á lexislación aplicable ao contrato e xurisdición competente.
- Identificación do órgano de contratación, incluíndo a forma de acceso ao perfil de contratante e designación, no seu caso, do responsable do contrato.
- Condicións de capacidade e aptitude esixibles e documentación a presentar polos licitadores: indicaranse as condicións mínimas de solvencia económica e financeira e profesional ou técnica, vinculadas ao obxecto do contrato e proporcionais a este, que se esixan para ser admitido á licitación, así como a documentación requirida para acreditar as mesmas. No seu caso, esixencia de clasificación.
- Prezo ou valor estimado do contrato con especificación dos impostos aplicables.
- O programa ou rúbrica contable con cargo ao que se aboará o prezo de adxudicación.
- No seu caso, garantías provisionais e definitivas que se esixan, incluíndo o importe da garantía, formas de presentación así como o réxime da súa devolución ou cancelación.
- Procedemento aplicable para a adxudicación do contrato, incluíndo as modalidades de recepción das ofertas, os criterios de adxudicación e a posibilidade de ofertar variantes e

melloras.

- Criterios de adxudicación.
- Distinción entre adxudicación provisional e definitiva.
- Previsións sobre a formalización do contrato.
- Duración e prórrogas do contrato; as datas estimadas para o comezo da súa execución e para súa finalización.
- Pactos, cláusulas e condicións definidores dos dereitos e obrigas das partes do contrato, establecidos ao amparo do principio de liberdade de pactos.
- Forma de pagamento e obrigación da emisión de factura.
- Posibilidade de revisión ou actualización do prezo para ter en conta as variacións económicas que acaezan durante a execución do contrato.
- Causas de resolución.
- A extensión obxectiva e temporal do deber de confidencialidade que, no seu caso, se impoña ao contratista.
- Se é o caso, información sobre as obrigas relativas á fiscalidade, protección do medio ambiente, emprego, condicións laborais e información sobre as condicións de subrogación en contratos de traballo.

As características ou prescricións técnicas incorporaranse ao prego de condicións, ou en documento separado, nas que se definan as características de orde técnica conforme ás cales terá que executarse as prestacións polo contratista. En todo caso, para os contratos de servizos comprendidos nas categorías 17 a 27 do Anexo II da LCSP de contía igual ou superior a 206.000 euros, aplicaranse as regras do artigo 101 para o establecemento das prescricións técnicas, así como o disposto nos artigos 102 a 104.

Completado o expediente de contratación, o órgano de contratación ditará resolución aprobando o expediente de contratación e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación.

### **17.3.- Publicidade.**

O anuncio de licitación publicarase no perfil do contratante e na plataforma de contratación da Xunta de Galicia. De xeito adicional, poderase decidir a publicación do anuncio de licitación na plataforma de contratación do Estado, no BOE ou DOGA ou nalgún medio de prensa ou comunicación, sendo por conta do adxudicatario o custo dos mesmos.

### **17.4.- Presentación de propostas.**

O prazo de presentación de proposicións non será inferior a quince días, contados dende a publicación do anuncio de licitación no perfil do contratante, salvo nos contratos de obras, en que o prazo será, como mínimo, de vinte e seis días.

Os prazos indicados poderán reducirse á metade en caso de declaración de urxencia, aínda que o prazo mínimo non poderá ser inferior a 10 días.

Poderase aplicar o mesmo prazo de 10 días para a presentación de proposicións naqueles supostos en que se poida xustificar tecnicamente que o indicado prazo é suficiente atendida a complexidade do contrato.

### **17.5.- Avaliación das propostas e adxudicación: provisional e definitiva.**

Rematado o prazo para a presentación de ofertas, o órgano de contratación, ou a Mesa de contratación no caso de que se constituirá, cualificará previamente a documentación persoal dos licitadores relativa aos requisitos de capacidade e aptitude. De existir defectos materiais emendables, concederá un prazo para a súa emenda non superior a tres días hábiles.

Unha vez cualificada a documentación persoal dos licitadores e emendados, no seu caso, os defectos ou omisións da documentación presentada, procederase a determinar as empresas que se axustan aos criterios de selección, con pronunciamento expreso sobre os admitidos á licitación, os rexeitados e sobre as causas de rexeitamento.

A continuación procederase á apertura das ofertas presentadas polas empresas admitidas a licitación. A apertura das ofertas económica realizarase en acto público, para o que convocarase, mediante fax, aos licitadores admitidos. Na convocatoria indicarse o lugar, data e hora de celebración.

No caso de que se constituíra a Mesa de Contratación, unha vez rematado o acto de apertura de ofertas económicas, e valoradas as ofertas técnicas, procederá a ponderación dos criterios de adxudicación, emitindo a súa proposta de adxudicación que elevará, xunto coas actas das súas reunións, informes técnicos que no seu caso se emitisen, e as propostas dos licitadores, ao órgano de contratación.

O órgano de contratación efectuará a adxudicación provisional, unha vez ponderados os criterios de adxudicación, e, no caso de que se constituíra a Mesa de contratación, tendo en conta a proposta de adxudicación, ao licitador que presentase a oferta economicamente máis vantaxosa.

A adxudicación provisional notificarase aos licitadores e publicarase no perfil do contratante.

A elevación a definitiva da adxudicación provisional producirase nos quince días hábiles contados dende o seguinte á súa publicación no perfil do contratante.

Durante este prazo, e se non se efectuase anteriormente, o adxudicatario terá que presentar a documentación xustificativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias (coa Facenda Estatal e Autonómica galega) e coa Seguridade Social, de estar de alta no epígrafe correspondente do Imposto sobre Actividades Económicas, e calquera outros documentos acreditativos da súa aptitude para contratar ou da efectiva disposición dos medios que se comprometése a adscribir á execución do contrato, así como o xustificante da constitución da garantía definitiva que, no seu caso, sexa procedente.

A adxudicación definitiva publicarase no perfil do contratante. Ademais, e de conformidade co que regulamentariamente se determine en desenvolvemento da Lei 4/2006, de 30 de xuño de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, o órgano de contratación publicará no perfil do contratante, unha vez adxudicado definitivamente o contrato, a información sobre os licitadores, os criterios de selección e a súa valoración, o cadro comparativo das ofertas económicas, a puntuación obtida por cada oferta (detallando a outorgada para cada un dos criterios de valoración), o resumo da motivación da valoración obtida e os datos identificativos do adxudicatario.

Cando o licitador que resultase adxudicatario non cumprise algunhas das condicións requiridas para realizar o contrato, a Fundación poderá efectuar unha nova adxudicación ao licitador ou licitadores seguintes a aquel, pola orde en que queden clasificadas as súas ofertas, sempre que iso fose posible e que o novo adxudicatario preste a súa conformidade.

## **17.6.- Formalización.**

A formalización do contrato farase en documento privado no prazo establecido no prego de condicións.

Preverase no prego de condicións a posibilidade de elevación a escritura pública do contrato cando así o solicite o contratista, sendo ao seu cargo os gastos derivados do seu outorgamento

Asemade, preverase no prego de condicións que cando por causas imputables ao contratista non se formalizase o contrato dentro do prazo establecido, o órgano de contratación poderá acordar a resolución do contrato, así como a incautación da garantía provisional que, no seu caso, constituirá.

O contrato que se formalice conterá as seguintes mencións:

- Identificacións das partes.
- Xustificación da capacidade dos asinantes para subscribilo.
- Definición do obxecto.
- Referencia á lexislación aplicable.
- Enumeración dos documentos que integran o contrato.
- Prezo.
- Prazo de execución e, no seu caso, prazos parciais, datas para o comezo da execución e para a súa finalización, así como, a/s prórroga/s que se previsen no prego de condicións.
- Condicións para a recepción, entrega ou admisión das prestacións.
- Condicións de pagamento.
- Causas de resolución.
- Crédito orzamentario ou o programa ou rúbrica contable con cargo ao que se aboará o prezo.
- No seu caso, extensión obxectiva e temporal do deber de confidencialidade que se impoña ao contratista.

## **18.- Procedemento Negociado con publicidade no perfil do contratante.**

### **18.1.- Supostos en que poderá seguirse o procedemento negociado con publicidade no perfil do contratante.**

A Fundación poderá utilizar este procedemento nos mesmos supostos previstos na normativa do sector público con carácter xeral para as Administracións Públicas, así como nos contratos comprendidos nos seguintes importes:

- Nos contratos de obras por importe superior a 50.000 (IVE excluído) e inferior a 1.000.000 euros (IVE excluído).
- No resto dos contratos de importe superior a 50.000 (IVE excluído) e inferior a 100.000 euros (IVE excluído).

No procedemento negociado con publicidade a adxudicación recaerá no licitador xustificadamente elixido polo Órgano de Contratación, tras negociar as condicións do contrato con un ou varios empresarios previamente seleccionados en concorrencia.

### **18.2.- Preparación do expediente.**

Será de aplicación o disposto na Instrución 17.2., coa peculiaridade de que, atendendo a causas xustificadas debidas á escasa complexidade da contratación, ás súas características ou natureza e á súa importancia económica, será suficiente coa redacción dun prego de condicións máis sinxelo no que, como mínimo, deberán figurar os seguintes extremos:

- Determinación do obxecto do contrato e, no seu caso, réxime de admisión de variantes.
- Prezo ou valor estimado do contrato con especificación dos Impostos aplicables.
- Forma de pagamento e obrigación da emisión de factura.
- Duración e prórrogas do contrato así como o lugar de execución.
- Documentación a presentar polos licitadores e forma, prazo e lugar de presentación das ofertas. En especial, indicaranse os requisitos de capacidade e aptitude que deberán ser acreditados polos licitadores e os aspectos que serán obxecto de negociación cos licitadores seleccionados, debidamente relacionados coas necesidades que se pretendan cubrir e co obxecto do contrato.
- As garantías que deberán constituír, no seu caso, os licitadores ou o adxudicatario.
- No seu caso, información sobre as condicións de subrogación nos contratos de traballo.

### **18.3.- Publicidade.**

O anuncio de licitación publicarase no perfil do contratante. De xeito adicional, poderase decidir a publicación do anuncio de licitación na plataforma de contratación da Xunta de Galicia ou do Estado, no BOE ou DOGA ou nalgún medio de prensa ou comunicación, sendo por conta do adxudicatario o custo dos mesmos.

### **18.4.- Presentación de propostas.**

O prazo de recepción das solicitudes de participación será, como mínimo, de dez días, contados dende a publicación do anuncio.

O prazo para a presentación de proposicións non será inferior a quince días, contados dende a data de envío do convite. Este prazo poderá reducirse en caso de declaración de urxencia a dez días.

Poderase aplicar o mesmo prazo de dez días para a presentación de proposicións naqueles supostos en que se poida xustificar tecnicamente que o indicado prazo é suficiente atendida a complexidade do contrato.

### **18.5.- Selección de candidatos, avaliación das propostas e adxudicación: provisional e definitiva.**

Os empresarios interesados poderán presentar, dentro do prazo fixado no anuncio de licitación, as súas solicitudes de participación á que acompañarán a documentación persoal que se estableza no prego de condicións. Unha vez recibidas, o órgano de contratación seleccionará, de conformidade cos criterios de selección establecidos no prego de condicións, polo menos a tres empresas capacitadas para a realización do obxecto do contrato, sempre que iso sexa posible.

Unha vez seleccionados os candidatos, estes presentarán as súas ofertas dentro do prazo fixado no convite que curse o órgano de contratación, e procederase a negociar con estes os aspectos económicos e técnicos fixados no prego de condicións, co fin de identificar a oferta economicamente máis vantaxosa.



A órgano de contratación poderá nomear un membro do seu persoal como encargado das negociacións coas empresas licitadoras, sen prexuízo de posibilidade de constituír a Mesa de contratación.

Realizada a negociación e valoradas as propostas presentadas, o Órgano de Contratación adxudicará provisionalmente o contrato ao licitador que presentase a oferta economicamente máis vantaxosa.

A adxudicación provisional notificarase aos licitadores e publicarase no perfil do contratante.

Concederase un prazo de tres días hábiles ao adxudicatario para que presente, no caso de que non o fixera anteriormente, a documentación xustificativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias (coa Facenda Estatal e Autonómica galega) e coa Seguridade Social, de estar de alta no epígrafe correspondente do Imposto sobre Actividades Económicas, da efectiva disposición dos medios que se comprometése a adscribir á execución do contrato, así como o xustificante da constitución da garantía definitiva que, no seu caso, sexa procedente.

Unha vez presentada a documentación indicada e constituída a garantía definitiva, en caso de ser exixible, a adxudicación provisional elevarase a definitiva.

A adxudicación definitiva publicarase no perfil do contratante. Ademais, respecto da publicidade no perfil do contratante da información sobre a adxudicación, será de aplicación o indicado na Instrución 17.5.

Cando o licitador que resultase adxudicatario non cumprise algunhas das condicións requiridas para realizar o contrato, a Fundación poderá efectuar unha nova adxudicación ao licitador ou licitadores seguintes a aquel, pola orde en que queden clasificadas as súas ofertas, sempre que iso fose posible e que o novo adxudicatario preste a súa conformidade.

#### **18.6.- Formalización.**

Será de aplicación o establecido na Instrución 17.6.

#### **19.- Procedemento negociado sen publicidade.**

##### **19.1.- Supostos en que poderá seguirse o procedemento negociado sen publicidade no perfil do contratante.**

Poderase empregar o procedemento negociado sen publicidade nos mesmos supostos previstos na normativa do sector público con carácter xeral para as Administracións Públicas, nos supostos enunciados na Instrución 3.1.1, así como cando o valor estimado do contrato sexa igual ou inferior a 50.000 euros, IVE excluído.

No procedemento negociado sen publicidade a adxudicación recaerá no licitador xustificadamente elixido polo Órgano de Contratación, tras negociar as condicións do contrato con un ou varios empresarios capacitados.

##### **19.2.- Preparación do expediente.**

Será de aplicación o disposto na Instrución 17.2, coa particularidade de que o prego de condicións poderá limitarse a establecer as características básicas do contrato, as modalidades de recepción das ofertas e os aspectos que serán obxecto de negociación cos licitadores.

### **19.3.- Presentación de propostas.**

O prazo para a presentación de proposicións non será inferior a dez días, contados dende a data de envío do convite.

### **19.4.- Adjudicación: provisional e definitiva.**

O órgano de contratación solicitará ofertas, como mínimo, a tres empresas capacitadas para a realización do obxecto de contrato, sempre que isto sexa posible. Deixarase constancia no expediente do envío das invitacións a participar na licitación.

Unha vez recibidas as ofertas polos licitadores convidados, ou rematado o prazo para presentar oferta, procederase a negociar con estes os aspectos económicos e técnicos fixados no prego de condicións, co fin de identificar a oferta economicamente máis vantaxosa.

A órgano de contratación poderá nomear un membro do seu persoal como encargado das negociacións coas empresas licitadoras, sen prexuízo de posibilidade de constituír a Mesa de contratación.

Realizada a negociación e valoradas as propostas presentadas, o Órgano de Contratación adjudicará provisionalmente o contrato ao licitador que presentase a oferta economicamente máis vantaxosa.

A adjudicación provisional notificarase aos empresarios que participasen no expediente de licitación.

Concederase un prazo de tres días hábiles ao adjudicatario para que presente, no caso de que non o fixera anteriormente, a documentación xustificativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias (coa Facenda Estatal e Autonómica galega) e coa Seguridade Social, de estar de alta no epígrafe correspondente do Imposto sobre Actividades Económicas, da efectiva disposición dos medios que se comprometese a adscribir á execución do contrato, así como o xustificante da constitución da garantía definitiva que, no seu caso, sexa procedente.

Unha vez presentada a documentación indicada e constituída a garantía definitiva, en caso de ser exixible, a adjudicación provisional elevarase a definitiva.

Será de aplicación o indicado na Instrución 17.5 respecto da publicidade no perfil do contratante da información sobre a adjudicación dos contratos.

Cando o licitador que resultase adjudicatario non cumprise algunhas das condicións requiridas para realizar o contrato, a Fundación poderá efectuar unha nova adjudicación ao licitador ou licitadores seguintes a aquel, pola orde en que queden clasificadas as súas ofertas, sempre que iso fose posible e que o novo adjudicatario preste a súa conformidade.

### **19.5.- Formalización.**

Será de aplicación o establecido na Instrución 17.6.

## **20.- Adxudicación directa.**

### **20.1.- Supostos en que poderá seguirse o procedemento de adxudicación directa.**

Poderase seguir o procedemento de adxudicación directa nos contratos menores.

Considéranse contratos menores os contratos de importe inferior a 50.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 18.000 euros, cando se trate doutros contratos.

### **20.2.- Preparación do expediente.**

A tramitación do expediente deste tipo de contratos esixirá, como mínimo, a aprobación do gasto e a incorporación ao mesmo da factura correspondente. No caso de tratarse dun contrato menor de obras, deberá engadirse ademais, o orzamento das obras e os proxectos ou informes que a natureza da obra ou as normas determinen.

Neste tipo de contratos a factura fará as veces de documento contractual, a non ser que o órgano de contratación decida formalizar o contrato.

Os contratos menores poderán adxudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación.

Estes contratos non poderán ter unha duración superior a un ano nin ser obxecto de prorroga.

## **EFFECTOS, CUMPLIMENTO E EXTINCIÓN DOS CONTRATOS.**

### **21.- Modificación do contrato.**

No prego de condicións introducirase unha cláusula que estableza que unha vez perfeccionado o contrato, o órgano de contratación poderá introducir modificacións neste por razóns de interese público e para atender a causas imprevistas, xustificando debidamente a súa necesidade no expediente. Estas modificacións non poderán afectar as condicións esenciais do contrato.

Tamén se fará constar que non terán a consideración de modificacións do contrato as ampliacións do seu obxecto que non poidan integrarse no proxecto inicial mediante unha corrección deste ou que consistan na realización dunha prestación susceptible de utilización ou aproveitamento independente ou dirixida a satisfacer finalidades novas non contempladas na documentación preparatoria do contrato, que deberán ser contratadas de forma separada, podendo aplicarse, no seu caso, o réxime previsto para a contratación de prestacións complementarias se concorren as circunstancias previstas nos artigos 155. b) e 158. b) da LCSP.

As modificacións do contrato deberán formalizarse por escrito.

### **22.- Suspensión do contrato.**

A Fundación, por razóns xustificadas, poderá suspender, total ou parcialmente, a execución do contrato, sen prexuízo da compensación que, no seu caso, puidese corresponder ao contratista cando a dita suspensión non lle fose imputable.

### **23.- Cesión do contrato.**

O adxudicatario, salvo que o contrato ou o prego de condicións dispoñan o contrario, poderá ceder os seus dereitos e obrigas dimanantes do contrato a un terceiro, sempre que as calidades técnicas ou persoais do cedente non fosen a razón determinante da adxudicación do contrato.

Para que o adxudicatario poida ceder os seus dereitos e obrigas a terceiros deberán cumprirse os seguintes requisitos:

- Que a Fundación autorice, de forma previa e expresa, a cesión.
- Que o cedente teña executado polo menos un 20 por 100 do importe do contrato.
- Que o cesionario teña capacidade para contratar e a solvencia que resulte esixible en cada caso concreto, se encontre debidamente clasificado no caso de que a mesma fora esixida ao cedente, e non se encontre incurso en causa de prohibición de contratar coa Fundación.

O cesionario quedará subrogado en todos os dereitos e obrigas que corresponderían ao cedente.

#### **24.- Subcontratación.**

O contratista poderá concertar con terceiros a realización parcial da prestación, salvo que o contrato ou o prego de condicións dispoñan o contrario ou que pola súa natureza e condicións se deduza que aquel debe ser executado directamente polo adxudicatario.

A celebración dos subcontratos someterase ao prego de condicións e ao cumprimento dos requisitos e réxime indicados no artigo 210 LCSP.

#### **25.- Penalidades.**

De acordo co previsto no artigo 1152 do Código Civil, no prego de condicións poderán preverse penalidades para o caso de incumprimento ou cumprimento defectuoso da prestación obxecto deste ou das condicións especiais de execución do contrato que no seu caso se establecesen. Estas penalidades deberán ser proporcionais á gravidade do incumprimento e a súa contía non poderá ser superior á porcentaxe que sobre o importe da adxudicación se sinala, no seu caso, no prego de condicións.

Así mesmo, a imposición de penalidades poderá estar referida á demora na execución do contrato, ben sexa por atrasos nos prazos parciais ou no prazo total. A constitución en mora do contratista non precisará intimación previa por parte do órgano de contratación.

O procedemento para a imposición de penalidades será o seguinte:

1. O órgano de contratación comunicará por escrito ao contratista a proposta de penalización coa enumeración dos feitos que a motiven.
2. O contratista disporá dun prazo de dez días, contados a partir da recepción da comunicación anterior, para prestar as alegacións que estime oportunas.
3. Unha vez recibidas as alegacións do contratista ou expirado o prazo sen que se reciban, o órgano de contratación resolverá acordando ou non a penalización, que deberá notificarse no prazo de quince días a contar dende o día en que adopte a dita resolución.

No prego de condicións se establecerán as penalidades aplicables, a súa valoración, gradación no seu caso, e a forma de aboamento que poderá contemplar a dedución das cantidades que en concepto de pagamento total ou parcial deban aboarse ao contratista, mediante compensación dos pagamentos que proceda realizar ao contratista, ou ben mediante incautación da garantía definitiva que no seu caso se constituíse polo contratista, en cuxo caso quedará obrigado a repoñela ao seu importe inicial.

## **26.- Causas de resolución.**

Serán causas de resolución, sen prexuízo doutras concretas que se poidan establecer nos pregos de condicións, as seguintes:

- Non dispoñer dos medios que, en fase de xustificación da súa solvencia, se comprometera a ter a súa disposición para a execución do contrato.
- Superar o 20 por 100 do importe do contrato na aplicación de penalidades ou, no seu caso, do porcentaxe que establezan os pregos de condicións.
- O incumprimento culpable das obrigas que se establezan como esenciais nos pregos de condicións.
- A falta de pagamento do prezo, por parte da Fundación, nos prazos establecidos.
- A demora no cumprimento do prazo, por parte do contratista.
- A falla de formalización do contrato por parte do contratista, por causa imputable ao mesmo.
- Mutuo acordo das partes.
- A morte ou incapacidade sobrevida do contratista individual se non fose posible a continuación do contrato cos herdeiros ou sucesores daquel.
- Nos casos en que se produza a sucesión de empresas (nos supostos de fusión, escisión, achega ou transmisión de empresas ou ramas de actividade de empresas nas que participe a sociedade contratista), cando a empresa subrogada na posición do contratista inicial non dispoña da solvencia esixida ao acordarse a adxudicación.

Cando a resolución do contrato se deba a un incumprimento culpable do contratista levará aparellada a execución da garantía definitiva que no seu caso se constituíra, debendo tamén o contratista resarcir á Fundación dos danos e perdas que como consecuencia da resolución se lle causasen.

## **27.- Principio de risco e ventura.**

O prego de condicións conterá a previsión de que a execución do contrato se realizará a risco e ventura do contratista.



## - DISPOSICIÓNS FINAIS -

### **28.- Idioma.**

Ao abeiro do establecido na Lei 3/1983, de 15 de xuño, de normalización lingüística, e coa finalidade de fomentar o uso de galego nas actividades mercantís, as empresas licitadoras e contratistas fomentarán o emprego do idioma galego nas relacións coa Fundación que se deriven do procedemento de adxudicación e da posterior execución dos contratos.

### **29.- Cómputo de prazos.**

Os prazos establecidos por días nas presentes instrucións entenderanse referidos a días naturais, salvo que nas mesmas se indique expresamente que só deben computarse os días hábiles. Nembargante, se o último día do prazo fose inhábil, este entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte.

### **30.- Aplicabilidade das presentes Instrucións.**

As presentes Instrucións serán aplicables dende a súa publicación no perfil do contratante da Fundación, aplicándose a aqueles expedientes de contratación que se inicien con posterioridade á devandita data.

As modificacións das presentes Instrucións deberán ser aprobadas seguindo o procedemento aplicable e inseriranse inmediatamente, logo da súa aprobación, no perfil de contratante da páxina web da Fundación, momento a partir do cal despregarán os seus efectos.